

CONVOCATORIA PÚBLICA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O FOMENTO E PROMOCIÓN DO DEPORTE (2024). ORZAMENTO MUNICIPAL 2024.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do Programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte do ano 2024 aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2024.

Primeiro.- Entidades beneficiarias

Poderán concorrer a esta convocatoria de subvencións todas as entidades deportivas que cumpran os requisitos e as finalidades desta convocatoria e que fomenten e promocionen, en xeral, a Educación física e o Deporte no termo municipal do Concello de Ferrol.

Segundo.- Obxecto

As axudas económicas desta convocatoria destinaranse á realización das actividades desenvolvidas por clubs e entidades deportivas, a través de dúas liñas de actuación: participación en competicións deportivas federadas e actividades de iniciación deportiva e fomento da práctica deportiva non federada. Únicamente serán subvencionables os gastos establecidos na Base Décima das Bases reguladoras.

Quedan excluídas do programa as entidades e/ou actividades relacionadas na Base Segunda das bases reguladoras.

Os gastos obxecto da subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 01/01/2024 e o 31/12/2024.

Terceiro.- Réxime no que se efectuará a concesión

As axudas reguladas nesta norma ten a natureza xurídica de subvención e outórganse en réxime de concorrència competitiva, ao amparo do disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Bases reguladoras

A convocatoria rexeráse polas Bases reguladoras publicadas BOP de A Coruña de data 28/10/2024 (BOP núm.208) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da páxina web do Concello de Ferrol aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/10/2024.

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/10/28/2024_0000007486.pdf

Quinto.- Contía

O importe da consignación ascende a un total de 141.837,52 € con cargo á aplicación orzamentaria 05004 3411 48000 do orzamento ordinario para o ano 2024.

O importe da subvención en ningún caso poderá superar o 40% do orzamento da/as actividades/s subvencionada/s, e en calquera caso non poderá ser superior a 10.000 €

Sexto.- Criterios de avaliación



Os criterios de avaliación das solicitudes son os establecidos na Base Sexta das Bases reguladoras.

Sétimo.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Oitavo.- Órganos competentes para a instrucción e resolución dos expedientes

Serán os establecidos na base 10 das Bases reguladoras.

Noveno.- Prazo de resolución, notificación e presentación de recursos

Serán os establecidos na Base Quinta das Bases reguladoras.

Décimo.- Documentos e información que deben relacionarse coa petición

Serán os que constan como anexos das Bases reguladoras.

Undécimo.- Reformulación de solicitudes

As bases non recoñecen esta posibilidade.

Duodécimo.- Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de xaneiro de 2025

Trixésimo.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria.

As comunicacións co Concello de Ferrol, así como as difusións relativas ao obxecto deste convenio deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Igualmente, empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínse do xénero feminino.

Cuadraxésimo.- medio de notificación e publicación da convocatoria.

A presente convocatoria enviarase para a súa publicación a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

En Ferrol, asinado electronicamente na data que figura na parte inferior polo concelleiro delegado especial de Deportes Ricardo Aldrey Rey